

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN MATERIA DE MÚSICA

Debido a que a materia é altamente procedimental os criterios de cualificación serán os seguintes:

1. Contidos teóricos: puntuarase de 0 a 10 as actividades de avaliación dos contidos de cultura musical, da análise de partituras, das audicións comentadas e dos contidos teóricos da linguaxe musical, sendo logo un 60% da nota final.

O exame escrito contará con distintos tipos de preguntas, explicación de contidos e, de ser o caso, análise de audicións ou partituras. Farase un exame trimestral, puidendo nalgunhas unidades realizar exames parciais e facer a media entre todas as actividades de avaliación escritas do trimestre.

O exame teórico poderá ser adaptado segundo os casos de necesidades educativas especiais ou atención á diversidade especificados e acordados co departamento de orientación e os informes pertinentes presentados polas familias.

2. Contidos prácticos: puntuarase de 0 a 10 as actividades de interpretación instrumental, vocal, exercicios prácticos de lectura rítmica/melódica, traballo na aula e na casa, os traballos a presentar, etc. sendo logo un 40% da nota final.

A parte práctica avaliarase mediante a observación sistemática con táboa de indicadores ou rúbricas.

En relación á interpretación instrumental hai que ter en conta os diferentes niveis do alumnado, polo que o profesorado facilitará no posible as medidas necesarias para aquel alumnado que o precise (dispoñibilidade horaria no recreo, adecuación das partituras ao nivel, etc.).

O aprobado da materia acádase cunha puntuación mínima de 5.

A avaliación final será o resultado da aplicación das seguintes porcentaxes dos tres trimestres:

- 1º Trimestre: 33.3%

- 2º Trimestre: 33.3%

- 3º Trimestre: 33.3%

Cando a nota de cada avaliación ou final dea números con decimais, se estes están por debaixo de 0.5 tenderase a nota enteira inferior, e se están no 0.5 ou por enriba tenderase a nota enteira superior, por exemplo, se a media é de 7.3 a nota será 7; se a media é 7.7 a nota será 8.

## CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

O alumnado que acade unha cualificación inferior a 5 realizará actividades de recuperación dos contidos teóricos e/ou prácticos da materia non superados. Estas actividades poderán ser de dous tipos:

1. Actividades novas deseñadas para tal fin. O deseño destas actividades responderá aos contidos non superados e á metodoloxía aplicada.
2. Actividades repetidas das realizadas ao longo do curso con cualificación negativa ou non presentadas.

Criterios de cualificación das actividades de recuperación dos contidos teóricos e prácticos: O profesorado informará ao alumnado das actividades de recuperación que ten que realizar para acadar unha avaliación positiva na materia. As novas cualificacións obtidas nas actividades de recuperación utilizaranse para facer un novo cálculo das notas das avaliacións, e a correspondente á avaliación final, seguindo os criterios de cualificación establecidos na programación.